



Guía Docente

Datos Identificativos					2023/24
Asignatura (*)	Morfoloxía do Español	Código	613G01021		
Titulación	Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuadrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Letras				
Coordinación	Acin Villa, Esperanza	Correo electrónico	esperanza.acin@udc.es		
Profesorado	Acin Villa, Esperanza	Correo electrónico	esperanza.acin@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Descrición e estudo do nivel morfolóxico da lingua española.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A5	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A19	Dominar a gramática da lingua española.
A21	Coñecer a variación lingüística da lingua española.
A23	Ter coñecementos de terminoloxía e neoloxía.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer os métodos e conceptos básicos na análise morfolóxica do castelán.	A1		C6
	A3		
	A11		
	A19		
	A23		



Coñecer as correntes teóricas e metodolóxicas da lingüística e das súas técnicas e métodos de traballo.	A1 A3 A11 A14 A23	B1 B5 B8	
Adquirir e organizar novos coñecementos (que completen os xa adquiridos) sobre o funcionamento da lingua española (especialmente no nivel morfolóxico).	A1 A3 A11 A15 A19 A21		C6
Analizar a lingua castelá no seu nivel morfolóxico.	A1 A3 A11 A14 A19 A21 A23	B1 B3	
Saber utilizar métodos de análise lingüística na resolución de problemas formulados no nivel morfolóxico do español mediante o traballo individual e cooperativo.	A1 A9 A11 A19 A23	B1 B3 B5 B6 B7	C1
Achegarse sen prexuízos aos novos coñecementos sobre a análise lingüística (no nivel morfolóxico) e a diversidade lingüística do español.	A11 A19 A21	B1 B8	
Coñecer os principais procedementos para a formación de palabras novas e o enriquecemento do léxico (en español).	A1 A3 A5 A9 A19 A21 A23	B1 B2 B4 B8	C1

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A morfoloxía como disciplina lingüística.	1.1. A morfoloxía léxica e a morfoloxía flexiva. 1.2. Relación entre a morfoloxía e outras disciplinas lingüísticas.
2. As unidades morfolóxicas (1). O morfema.	2.1. Definición de morfema. 2.2. Clasificación. 2.3. Fenómenos morfolóxicos e de identificación: morfema, morfo e alomorfo. Morfo cero, morfo baleiro, amalgama, sincretismo, morfo discontinuo.
3. As unidades morfolóxicas (2). A palabra.	3.1. Definición de palabra. 3.2. Estrutura morfolóxica da palabra. 3.3. Clases de palabras.
4. Morfoloxía flexiva (1). Categorías gramaticais do español: as categorías nominais.	4.1. Xénero. 4.2. Número. 4.3. Caso.
5. Morfoloxía flexiva (2). Categorías gramaticais do español: as categorías verbais.	5.1. Persoa e número. 5.2. Tempo, aspecto e modo.



Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A3 A21 B1 B3 B5 B7 B8	21	15	36
Solución de problemas	A1 A5 A9 A11 A14 A15 A19 A23 B1 B2 B7 C1 C6	30	19	49
Proba mixta	A3 A5 A15 A19 A21 A23 B1 B3 B4 B5 B6 B7 C1	0	22	22
Traballos tutelados	A3 A5 A9 A11 A14 A15 A19 B1 B3 B5 B6 B7 C1	1	20	21
Lecturas	A3 A11 B1 B3 B6 C6	0	18	18
Eventos científicos e/ou divulgativos	A3 B5 B7 B8 C6	2	0	2
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Nas sesións maxistras desenvolveranse os contidos teóricos ou teórico-prácticos indicados na programación. Procurárase que sexa interactiva, en constante diálogo co alumnado, e acompañarase de material de diverso tipo (informático, fotocopias, etc.).
Solución de problemas	Nas sesións interactivas e en grupo reducido presentaranse diferentes tipos de exercicios que poñan en práctica os coñecementos adquiridos ao longo do curso.
Proba mixta	Realízase na data aprobada pola Xunta de Facultade. Terá carácter teórico-práctico.
Traballos tutelados	Dirixido polo profesor, consistirá na elaboración dun traballo de tipo teórico, teórico-práctico ou práctico sobre cuestións relacionadas co temario da materia.
Lecturas	As lecturas son necesarias para completar e fundamentar os contidos da materia. A profesora indicará as que son obrigatorias ou soamente recomendadas.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Los alumnos asistirán a los eventos científicos organizados en la facultad ?conferencias, seminarios? cuyos temas estén relacionados con la materia y la profesora considere convenientes como complemento a su formación.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta Traballos tutelados Lecturas	Realízase nas horas de tutoría. Centrarase na preparación e desenvolvemento do traballo tutelado ou en todo aquilo para o que o alumno solicite información.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A3 A5 A15 A19 A21 A23 B1 B3 B4 B5 B6 B7 C1	Na data e hora indicadas no calendario oficial de exames da Facultade os alumnos realizarán o exame. Terá carácter teórico-práctico en consonancia coa materia do curso. Ademais dos coñecementos e competencias adquiridas valorarase a corrección lingüística, como se sinala nas observacións.	60



Solución de problemas	A1 A5 A9 A11 A14 A15 A19 A23 B1 B2 B7 C1 C6	Avaliaranse dous exercicios dos realizados na aula. A data de corrección na aula ou de recollida figura no "Cronograma" da materia, publicado no Campus Virtual nos primeiros días do cuadrimestre.	20
Traballos tutelados	A3 A5 A9 A11 A14 A15 A19 B1 B3 B5 B6 B7 C1	Se detallará en clase o tema e as características e se mostrarán no Campus Virtual. A través das titorías a profesora supervisará a realización do traballo: cada alumno presentará o esquema e manterá ao menos unha entrevista. Entregarase a través do Campus Virtual en formato word (ou similar) e en PDF antes do 12 de decembro. Valorarase a habilidade no manexo de diferentes fontes documentais, a capacidade de síntese, os resultados obtidos, a adecuación e o estilo, e a corrección lingüística.	20

Observacións avaliación

- Os alumnos que asistisen a todas as sesións de clase, sen unha soa falta de asistencia (só admitiranse documentos xustificativos oficiais) e teñan aprobada a materia obterán un punto extra na cualificación final.
- En todas as actividades escritas, exame, traballos, exercicios, comentarios, valorarase o uso correcto e adecuado da lingua española. Se penalizarán as faltas de ortografía, as de puntuación e a redacción deficiente. Dependendo da gravidade da falta, por cada unha descontarase da nota entre 0,5 puntos e 1 punto. A penalización será menor para os alumnos Erasmus ou doutros programas de intercambio.
- A cualificación obtida na proba mixta ou exame será como mínimo de un 4 (sobre 10) para aprobar a asignatura, tanto na oportunidade de xaneiro como na de xullo. Se na primeira oportunidade a materia está suspensa e a nota do examen é inferior a 5, na segunda oportunidade hai que facer tamen o exame.
- Os traballos e restantes actividades entregadas fora da data establecida se penalizarán con un 50% da nota.
- Calquera falta de honradez académica (plaxio, á dicir, utilización de textos ou ideas de outros autores sen indicar a procedencia, copiar traballos, copiar en exames, ou outras formas) penalizarase de acordo co establecido na normativa académica. Lémbrese que o profesorado dispón da ferramenta "Turnitin" para a detección do plaxio.
- Obterán a cualificación de NP (Non presentado) os alumnos que non se presenten ao exame, aínda que realizen o resto das actividades.
- O alumnado que teña que superar a asignatura na segunda oportunidade recuperará todas as actividades de avaliación (exercicios en conxunto, exame e traballo) suspensas (con nota inferior a 5) ou non realizadas, cos mesmos porcentaxes. Non se gardarán as notas suspensas da primeira oportunidade. O exame realizarase na data e hora sinaladas no calendario oficial de exames. O traballo tutelado e máis os exercicios entregáranse no Campus Virtual antes do 25 de xuño. No caso da convocatoria adiantada de decembro (finalización dos estudos) a avaliación farase cun exame teórico-práctico.
- É necesario un nivel B2 de español para cursar esta materia.
- A materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade consonte ás indicacións da Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/>), coa que se deberá contactar nos prazos establecidos por esta unidade. Pódese contar tamén co asesoramento da titora ADI da facultade (pat.filoloxia@udc.gal). Alumnos con dispensa académica de exención de asistencia Comunicarán a súa situación á profesora nas primeiras semanas do curso. Os procedimentos e porcentaxes de avaliación serán os mesmos que para o resto dos alumnos, nas dúas oportunidades. Os exercicios do apartado "Solución de problemas" serán específicos para eles e se formularán e entregarán no Campus Virtual, nun apartado especial para estes alumnos.

Fontes de información



Bibliografía básica	<p>Ao inicio de cada tema proporcionarase unha bibliografía específica, indicarse a que é de lectura obrigatoria ou de lectura recomendada. BOSQUE, I (1983): "La morfología" en F. Abad y A. García Berrio (eds.): Introducción a la lingüística. Madrid, Alhambra, 115-153. BOSQUE, I. (2015 [1991]): Las categorías gramaticales, Madrid, Síntesis. BOSQUE, I. y V. Demonte (dirs.) (1999): Gramática descriptiva de la lengua española. Madrid, Espasa. Vol. 1 (Sintaxis básica de las clases de palabras) y vol. 3 (2.ª parte: Morfología) CASADO, M. (2015): La innovación léxica en español. Madrid, Síntesis. FÁBREGAS, A. (2013): La morfología. El análisis de la palabra compleja, Madrid, Síntesis. LANG, M. F. (1992): Formación de palabras en español. Madrid, Cátedra. LIEBER, R. (2010): Introducing Morphology. Cambridge University Press. MATTHEWS, P. H. (1974): Morphology: an introduction to the theory of word-structure, Cambridge, CUP. Traducción de R. Monroy: Morfología: Introducción a la teoría de la estructura de la palabra, Madrid, Paraninfo. PENA, J. (1991): ?La palabra : estructura y procesos morfológicos?, Verba 18, 69-128. PENA, J. (1999): ?Partes de la morfología. Las unidades del análisis morfológico?, en I. Bosque y V. Demonte (dirs.), Gramática descriptiva de la lengua española. vol. 3. Madrid, Espasa, 4305-4366. REAL ACADEMIA ESPAÑOLA Y ASOCIACIÓN DE ACADEMIAS DE LA LENGUA ESPAÑOLA (2009): Nueva gramática de la lengua española. Madrid, Espasa. REAL ACADEMIA ESPAÑOLA Y ASOCIACIÓN DE ACADEMIAS DE LA LENGUA ESPAÑOLA (2010): Nueva gramática de la lengua española. Manual. Madrid, Espasa. VARELA, S. (2009): Morfología léxica: la formación de palabras, Madrid, Gredos.</p>
Bibliografía complementaria	<p>Almela Pérez, R. (1999): Procedimientos de formación de palabras en español, Barcelona, Ariel. Ambadiang, T. (1994): La morfología flexiva. Madrid. Taurus.</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua Española 1/613G01001
Lingua Española 2/613G01013

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndase a asistencia asidua a clase, a lectura da bibliografía indicada ou recomendada e a realización dos exercicios propostos, aínda que non sexan puntuables na avaliación.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías